

# PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 25 de maio de 2011, ás 20.00 h,  
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”  
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).

**Interveñen:**

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.**  
**Carlos Pereira Martínez, historiador.**  
**Miguel Mato Fondo, autor.**

Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo)  
Tfno: 981665597 Fax: 981661748  
Email: [servizosmultiples@gmail.com](mailto:servizosmultiples@gmail.com)



Biblioteca de Poesía  
*Uxío Novoneyra*  
Vila Melania - Vilaboa



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**  
Concellería de Cultura



## Presentación

Continuando coa programación da Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”, acollemos nesta ocasión a presentación do libro *Señardade da luz* (*A obra poética de Manuel María*), da autoría de Miguel Mato Fondo, editado pola Asociación Cultural “Alexandre Bóveda” da Coruña, que con este libro pretende axudar economicamente á Fundación “Manuel María”.

Neste libro Miguel Mato, un dos membros do histórico grupo poético “De amor e desamor”, fai un percorrido na vida e na obra literaria do desaparecido poeta de Outeiro de Rei, ao que o Concello de Culleredo vén de dedicar, recentemente, unha rúa no municipio.

Convídoos, pois, a compartir con nós esta velada literaria nesta biblioteca que leva o nome de “Uxío Novoneyra”, grandísimo amigo de Manuel María.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## Datos biográficos

Miguel Mato Fondo naceu en Ponteceso o 29 de abril de 1953. En 1969 a familia trasládase a A Coruña, onde Miguel fai o bacharelato e os primeiros anos de estudos univesitarios. Acabará a licenciatura de Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago. En 1980 comeza a traballar como profesor de Lingua e Literatura Galegas en Sarria (Lugo) e a partir de 1983 dá clases na cidade da Coruña, na actualidade no IES Rafael Dieste.

Publicou os seus primeiros poemas nun volumen colectivo, *Alén* (Follas Novas, 1977), con Xosé Ramón Pena e Francisco Salinas Portugal. En 1984 coñeceu aos poetas cos que logo publicaría os volumes colectivos *De Amor e Desamor*, I, II e III (1984-1985-2009). Tamén con eles participou en moitos recitais e conferencias.



En marzo de 2004 conseguiu o Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño coa súa obra *O Whisky na barrica*.

No ámbito do ensaio ten publicado *A mazá e a cinza* (Edicións do Cumio, 1991) sobre poesía galega actual, e *A escrita da terra* (Espiral Maior, 1998) gañadora do I premio de ensaio Espiral Maior. Tamén é coautor de *A poesía contemporánea* (A Nosa Terra, 1998).

O seu libro máis recente é *Transgresión e fragilidade. Un retrato literario de Lois Pereiro* (2011), o poeta ao que se lle dedica o “Día das Letras Galegas” de 2011.

Tamén fixo unha incursión no ámbito da narrativa, co libro *Xope de Lilaina* (2005).

Traballou igualmente na elaboración de material curricular para a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Vía Láctea e Bahía Edicións.

Realizou guións para vídeo e radio, especialmente sobre poetas (Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel e Eduardo Pondal); ensaios en revistas especializadas, sobre literatura do século XX e autores como Eduardo Pondal, Manuel Antonio, Ramón Cabanillas, Manuel María...), e artigos sobre arte.

Dentro das súas aficións está a caza (posúe un importante arquivo persoal sobre literatura cinexética), a música (blues, jazz, compositores Grieg, Rachmaninov, Bela Bartok), pintura moderna e romántica (G.D. Friedrich, Munch, expresionistas, abstracción, Mondrian, Hopper)...

*Señardade da luz* (*Obra poética de Manuel María*), como di o seu autor, rende unha particular homenaxe ao poeta, amigo e mestre, e quere axudar a entender



“a obra escrita por un poeta que amou as xentes e o mundo, esa alta marabilla -nas súas propias palabras-; unha obra na que acaso o lector chegue a apreciar certo sentido que a enleva cara unha viaxe interior e física a un tempo, que vai do particular e íntimo até o que xa é memoria e cultura universal: “De Outeiro de Rei a Itaca”, poderíamos dicir, e titular deste xeito a crónica desa longa viaxe. E contemplar, desde o recordo que non esmorece, ao poeta-viaxeiro, co seu andar pousón e reflexivo, por xeografías míticas, chairegas, íntimas”.